

# A CULTURA É UN DEREITO

.....

CULTURA EN TODOS OS CONCELLOS

CULTURA PARA TODAS AS PERSOAS

.....

**XXIII XORNADA:**

**RADIOGRAFÍA DA ESCENA MUSICAL ALTERNATIVA**

## **ENRIQUE SÁNCHEZ**

Enrique Sánchez Lema, máis coñecido como Quique Sánchez no circuíto punk& hardcore estatal, é un guitarrista, mecenas e editor musical nacido en 1976 na Coruña. Formou parte de bandas da escena punk e hardcore como Fuckin' Family, Use Abuse ou máis ultimamente con Less Fortunate Songs e Atvra.

Tecendo redes de cooperación dende os 17 anos, con mais de 100 concertos organizados persoalmente ao longo de máis de 30 anos. Facendo posible xiras a nivel estatal e coordinando mesmo bandas europeas polo seu paso por Galicia, por exemplo bandas como Burning Heads (primeira banda europea do selo Epitaph, propiedade de Mr. Brett, guitarrista en Bad Religion), os canadenses Mute, ou infinidade de bandas de B Core como Non More Lies, Shorebreak ó Xmilk entre outras.

Fundou xunto a Juan Hermo o selo Hold your Ground onde editaron vinilos a bandas como Klüte, Antillectual, Balloon flights, ou Bule entre outros moitos.

Con mais de 100 concertos organizados persoalmente ao longo de máis de 30 anos e colaborando sempre de calquera forma posible á hora de distribuír material, dar acubillo ou cociñar para bandas no seu paso por Galicia.